

## ACIG-Ensino segue a loitar para que o profesorado teña o dereito indefinido de acceder á xubilación anticipada

A CIG-Ensino vén batallando para conseguir o dereito indefinido a poder acceder voluntariamente á xubilación anticipada. Neste sentido levamos a cabo diferentes campañas apoiadas por miles de sinaturas nas que o profesorado exige este dereito, ao mesmo tempo que reclama mellorar as gratificacións. A disposición transitoria segunda, apartado 8 establece:

*“Antes de la finalización, del periodo de implantación de la presente Ley, establecido en la disposición adicional primera, el Gobierno, previa consulta a las Comunidades Autónomas, procederá a la revisión del tiempo referido al régimen de jubilación voluntaria así como de los requisitos exigidos.”*

Unha vez que o remate do período de implantación da LOE remata en 2011, para a CIG-Ensino será unha prioridade conseguir durante este curso o dereito indefinido a poderse acoller á xubilación anticipada, así como mellorar a gratificación no camiño de que a suma da cantidade percibida pola gratificación e maila de pensión teña que ser semellante ao salario que se percibiría de estar en activo. Isto é fundamental para que se incremente o número de profesorado que se xubile anticipadamente, repercutindo positivamente na creación de emprego coa incorporación de novo profesorado ao sistema educativo.

O recoñecemento ao labor docente como a aposta por crear emprego son argumentos suficientes para consolidar, de vez, este dereito que se vén prorrogando repetidas veces desde que se recolleu na LOXSE en 1991. Temos que consolidar este dereito para non continuar na incerteza e na provisionalidade de até agora.

Por outra parte, un ano máis, a Consellaría de Educación continúa sen mellorar a xubilación anticipada e persiste en non querer negociar unhas novas gratificacións que superen as actuais, acordadas no ano 2000 cunha minoría sindical (CCOO e ANPE). Naquel momento, as gratificacións pactadas



en Galiza xa estaban por debaixo das que percibía o profesorado noutros territorios do estado español.

Se ao anterior lle engadimos o feito de que as achegas do MEC só se incrementaron nun 10% desde que está en vixencia a modalidade de xubilación anticipada (1992) e de que, o IPC, desde ese ano, medrou un 74,84%, a conclusión é clara: o incremento da gratificación nin sequera se actualizou de acordo coa inflación real. Todo isto referendado polo acordo suscrito o 20 de outubro de 2005 en Madrid.

### PROPOSTAS DA CIG-ENSINO PARA A XUBILACIÓN ANTICIPADA

- Dereito indefinido á xubilación anticipada.
- Dereito á gratificación con 25 anos de servizo: O obxectivo primordial é acadar

un acordo que supoña que o profesorado que se xubila anticipadamente perciba as mesmas retribucións que percibiría se estivese en activo até os 65 anos. De tal maneira que a gratificación a percibir sumada á pensión correspondente sexa igual ás retribucións que se percibirían de seguir en activo.

- Vacantes: Todas as vacantes producidas como consecuencia de xubilacións anticipadas serán ofertadas e non amortizadas. Así melloraría a mobilidade do profesorado definitivo e propiciaría un incremento de postos de traballo que facilitarían a colocación e, polo tanto, un acordo de estabilidade para o profesorado interino.
- Xubilación obrigatoria aos 65 anos. Isto facilitaría a creación de emprego e máis posibilidades de estabilidade para o profesorado interino. Só se contemplaría ampliar a vida laboral no caso de que non teña cotizado o tempo necesario.
- Mellora das pensións: Mellora das actuais pensións a todo o profesorado, dereito a percibir o 100% do haber regulador con 30 anos de servizo, no horizonte de acadar unha xubilación co 100% das retribucións.
- Redución horaria a maiores de 55 anos: Todo o profesorado maior de 55 anos poderá acollerse á redución do seu horario lectivo até un 50% sen ningunha diminución nas súas retribucións.

### Requisitos para solicitar a xubilación anticipada 2010

Regulamentación: DOG 23 decembro 2009

Requisitos:

- Estar en activo ininterrompidamente nos 15 anos anteriores á presentación da solicitude.
- Ter cumpridos 60 anos o 31 de agosto de 2010.

Condicións para cobrar a gratificación:

- Ter, como mínimo, 28 anos de servizos ao Estado.

Prazo de presentación de solicitudes:

- Até o 28 de febreiro de 2010.

Prazo de renuncias:

- Con anterioridade ao 15 de marzo de 2010.

## CADROS COMPARATIVOS DAS GRATIFICACIÓNS ACTUAIS (T) E AS QUE SE DEBERAN PERCIBIR (D), SEGUNDO CIG-ENSINO

### MESTRAS E MESTRES

IDADE		28	29	30	31	32	33	34	35
64	GL	1.906,18	1.959,54	1.959,54	1.959,54	2.012,92	2.012,92	2.012,92	2.066,28
	GX	3.332,11	3.425,41	3.425,41	3.425,41	3.518,70	3.518,70	3.518,70	3.612,00
	T	5.238,29	5.384,95	5.384,95	5.384,95	5.531,62	5.531,62	5.531,62	5.678,28
	D	16.769,46	15.652,69	15.660,11	14.546,40	13.429,63	12.818,03	11.701,27	10.587,55
63	GL	2.074,22	2.074,22	2.074,22	2.127,59	2.127,59	2.127,59	2.188,18	2.188,18
	GX	3.625,86	3.625,86	3.625,86	3.719,17	3.719,17	3.719,17	3.825,08	3.825,08
	T	5.700,08	5.700,08	5.700,08	5.846,76	5.846,76	5.846,76	6.013,26	6.013,26
	D	33.538,92	31.305,38	31.320,23	29.092,81	26.859,27	25.636,05	23.402,53	21.175,09
62	GL	2.188,18	2.188,18	2.249,47	2.249,47	2.249,47	2.310,06	2.569,69	3.011,80
	GX	3.825,08	3.825,08	3.932,23	3.932,23	3.932,23	4.038,13	4.492,02	5.264,83
	T	6.013,26	6.013,26	6.181,70	6.181,70	6.181,70	6.348,19	7.061,71	8.276,63
	D	50.308,37	46.958,06	46.980,34	43.639,21	40.288,90	38.454,08	35.103,80	31.762,64
61	GL	2.302,84	2.363,42	2.363,42	2.363,42	2.737,02	3.209,41	3.766,19	4.421,77
	GX	4.025,53	4.131,42	4.131,42	4.131,42	4.784,48	5.610,28	6.583,55	7.729,56
	T	6.328,37	6.494,84	6.494,84	6.494,84	7.521,50	8.819,69	10.349,74	12.151,33
	D	67.077,83	62.610,75	62.640,46	58.185,62	53.718,54	51.272,11	46.805,07	42.350,19
60	GL	2.363,42	2.363,42	2.713,93	3.187,06	3.735,90	4.383,55	5.138,66	6.022,86
	GX	4.131,42	4.131,42	4.744,14	5.571,18	6.530,59	7.662,75	8.982,73	10.528,39
	T	6.494,84	6.494,84	7.458,07	8.758,24	10.266,49	12.046,30	14.121,39	16.551,25
	D	83.847,29	78.263,44	78.300,57	72.732,02	67.148,17	64.090,14	58.506,34	52.937,74

### PROFESORES DE ENSINO SECUNDARIO, MÚSICA E ARTES

IDADE		28	29	30	31	32	33	34	35
64	GL	2.279,76	2.348,28	2.348,28	2.348,28	2.409,59	2.409,59	2.409,59	2.478,10
	GX	3.985,18	4.104,96	4.104,96	4.104,96	4.212,10	4.212,10	4.212,10	4.331,87
	T	6.264,94	6.453,24	6.453,24	6.453,24	6.621,69	6.621,69	6.621,69	6.809,97
	D	15.842,90	14.423,93	14.255,33	12.840,24	11.421,26	10.633,63	9.214,66	7.799,56
63	GL	2.485,31	2.485,31	2.485,31	2.553,83	2.553,83	2.553,83	2.623,07	2.623,07
	GX	4.344,49	4.344,49	4.344,49	4.464,26	4.464,26	4.464,26	4.585,29	4.585,29
	T	6.829,80	6.829,80	6.829,80	7.018,09	7.018,09	7.018,09	7.208,36	7.208,36
	D	31.685,80	28.847,86	28.510,66	25.680,48	22.842,52	21.267,27	18.429,33	15.599,13
62	GL	2.623,07	2.623,07	2.691,58	2.691,58	2.691,58	2.767,31	3.049,30	3.583,00
	GX	4.585,29	4.585,29	4.705,05	4.705,05	4.705,05	4.837,44	5.330,38	6.263,31
	T	7.208,36	7.208,36	7.396,63	7.396,63	7.396,63	7.604,75	8.379,68	9.846,31
	D	47.528,70	43.271,79	42.765,99	38.520,72	34.263,78	31.900,90	27.643,99	23.398,69
61	GL	2.760,10	2.836,55	2.836,55	2.836,55	3.255,56	3.819,56	4.475,15	5.245,40
	GX	4.824,82	4.958,46	4.958,46	4.958,46	5.690,95	6.676,85	7.822,85	9.169,32
	T	7.584,92	7.795,01	7.795,01	7.795,01	8.946,51	10.496,41	12.298,00	14.414,72
	D	63.371,60	57.695,72	57.021,31	51.360,95	45.685,03	42.534,54	36.858,66	31.198,26
60	GL	2.836,55	2.836,55	3.225,28	3.781,33	4.436,92	5.199,24	6.098,59	7.158,78
	GX	4.958,46	4.958,46	5.638,00	6.610,02	7.756,04	9.088,63	10.660,77	12.514,05
	T	7.795,01	7.795,01	8.863,28	10.391,35	12.192,96	14.287,87	16.759,36	19.672,83
	D	79.214,50	72.119,65	71.276,64	64.201,19	57.106,29	53.168,17	46.073,32	38.997,82

## PROFESORES TÉCNICOS DE FORMACIÓN PROFESIONAL

IDADE		28	29	30	31	32	33	34	35
64	GL	1.906,18	1.959,54	1.959,54	1.959,54	2.012,92	2.012,92	2.012,92	2.066,28
	GX	3.332,11	3.425,41	3.425,41	3.425,41	3.518,70	3.518,70	3.518,70	3.612,00
	T	5.238,29	5.384,95	5.384,95	5.384,95	5.531,62	5.531,62	5.531,62	5.678,28
	D	18.390,33	17.273,56	17.280,98	16.167,27	15.050,50	14.438,90	13.322,14	12.208,42
63	GL	2.074,22	2.074,22	2.074,22	2.127,59	2.127,59	2.127,59	2.188,18	2.188,18
	GX	3.625,86	3.625,86	3.625,86	3.719,17	3.719,17	3.719,17	3.825,08	3.825,08
	T	5.700,08	5.700,08	5.700,08	5.846,76	5.846,76	5.846,76	6.013,26	6.013,26
	D	36.780,66	34.547,12	34.561,97	32.334,55	30.101,01	28.877,80	26.644,28	24.416,84
62	GL	2.188,18	2.188,18	2.249,47	2.249,47	2.249,47	2.607,19	3.049,30	3.583,00
	GX	3.825,08	3.825,08	3.932,23	3.932,23	3.932,23	4.557,54	5.330,38	6.263,31
	T	6.013,26	6.013,26	6.181,70	6.181,70	6.181,70	7.164,73	8.379,68	9.846,31
	D	55.170,98	51.820,67	51.842,95	48.501,82	45.151,51	43.316,69	39.966,41	36.625,25
61	GL	2.302,85	2.363,42	2.363,42	2.775,24	3.255,56	3.819,56	4.475,15	5.245,40
	GX	4.025,53	4.131,42	4.131,42	4.851,30	5.692,22	6.676,85	7.822,85	9.169,32
	T	6.328,38	6.494,84	6.494,84	7.626,54	8.947,78	10.496,41	12.298,00	14.414,72
	D	73.561,31	69.094,23	69.123,94	64.669,10	60.202,02	57.755,59	53.288,55	48.833,67
60	GL	2.363,42	2.752,16	3.225,28	3.781,33	4.436,92	5.199,24	6.098,59	7.158,78
	GX	4.131,42	4.810,97	5.638,00	6.610,02	7.756,04	9.088,63	10.660,77	12.514,05
	T	6.494,84	7.563,13	8.863,28	10.391,35	12.192,96	14.287,87	16.759,36	19.672,83
	D	91.951,64	86.367,79	86.404,92	80.836,37	75.252,52	72.194,49	66.610,69	61.042,09

## CATEDRÁTICOS

IDADE		28	29	30	31	32	33	34	35
64	GL	2.279,76	2.348,28	2.348,28	2.348,28	2.409,59	2.409,59	2.409,59	2.478,10
	GX	3.985,18	4.104,96	4.104,96	4.104,96	4.212,10	4.212,10	4.212,10	4.331,87
	T	6.264,94	6.453,24	6.453,24	6.453,24	6.621,69	6.621,69	6.621,69	6.809,97
	D	18.106,86	16.734,86	16.487,76	15.119,52	13.747,52	14.244,22	14.244,22	14.244,22
63	GL	2.485,31	2.485,31	2.485,31	2.553,83	2.553,83	2.553,83	2.623,07	2.866,84
	GX	4.344,49	4.344,49	4.344,49	4.464,26	4.464,26	4.464,26	4.585,29	5.011,42
	T	6.829,80	6.829,80	6.829,80	7.018,09	7.018,09	7.018,09	7.208,36	7.878,26
	D	36.213,73	33.469,73	32.975,52	30.239,04	27.495,04	28.488,45	28.488,45	28.488,45
62	GL	2.623,07	2.623,07	2.691,58	2.691,58	2.958,43	3.469,04	4.071,26	4.772,28
	GX	4.585,29	4.585,29	4.705,05	4.705,05	5.171,53	6.064,13	7.116,84	8.342,29
	T	7.208,36	7.208,36	7.396,63	7.396,63	8.129,96	9.533,17	11.188,10	13.114,57
	D	54.320,59	50.204,59	49.463,28	45.358,56	41.242,56	42.732,67	42.732,67	42.732,67
61	GL	2.760,10	2.836,55	3.156,04	3.697,67	4.338,11	5.085,29	5.961,56	6.990,74
	GX	4.824,82	4.958,46	5.516,98	6.463,78	7.583,32	8.889,44	10.421,24	12.220,29
	T	7.584,92	7.795,01	8.673,02	10.161,45	11.921,43	13.974,73	16.382,80	19.211,03
	D	72.427,45	66.939,45	65.951,04	60.478,08	54.990,08	56.976,89	56.976,89	56.976,89
60	GL	3.125,75	3.667,38	4.299,89	5.039,14	5.908,20	6.930,16	8.134,58	9.529,42
	GX	5.464,02	6.410,83	7.516,49	8.808,75	10.327,93	12.114,39	14.219,82	16.658,08
	T	8.589,77	10.078,21	11.816,38	13.847,89	16.236,13	19.044,55	22.354,40	26.187,50
	D	90.534,32	83.674,32	82.438,80	75.597,60	68.737,60	71.221,11	71.221,11	71.221,11

## PROPOSTA DE XUBILACIÓN DE CIG-ENSINO: UN EXEMPLO PRÁCTICO

Un profesor/a do corpo de mestres de 62 anos de idade e 35 anos de servizo, de continuar en activo, terías as seguintes retribucións brutas:

IDADE	RETRIBUCIÓN (*)
62	41.100,32
63	41.100,32
64	41.100,32
<b>TOTAL</b>	<b>123.300,96 €</b>

**Consellaría:** Un profesor/a do corpo de mestres de 62 anos de idade e 35 anos de servizo, de xubilarse anticipadamente, percibiría as seguintes cantidades segundo a proposta da Consellaría:

CONCEPTO (*)	
Pensión (3 anos)	91.538,31 €
Gratificación LOE	3.011,80 €
Gratificación Xunta	5.264,83 €
<b>TOTAL</b>	<b>99.814,94</b>

\* Retribucións anuais referidas ao ano 2010

### CIG-Ensin

Para o exemplo que propoñemos (ensinante do corpo de mestres de 62 anos de idade e con 35 de servizo), a gratificación que percibiría esta persoa, segundo a CIG, sería de 31.762,64 €, que é a diferenza entre a pensión que lle corresponde e a cantidade que percibiría de continuar en activo, mentres que co sistema actual só percibiría 8.276,62 €, polo que **este profesor deixaría de percibir 23.486,02 €**.

## COMPARATIVAS XUBILACIÓN ANTICIPADA-PROFESORADO EN ACTIVO

Como se pode ver no CADRO 1, só se acolleu á xubilación anticipada o 33,33 % do profesorado que reunía as condicións para facelo: o 43,19 % no corpo de mestres, e o 21,60 % en secundaria. Este reducido número é o exemplo máis evidente da necesidade de mellorar o acordo asinado no ano 1999 por unha minoría sindical (ANPE e CCOO).

PROFESORES QUE CONTIÚA EN ACTIVO (CURSO 2009-2010)						
2009	70	69	68	67	66	65
A CORUNA	20	22	40	51	67	91
LUGO	9	10	13	14	13	39
OURENSE	8	7	9	18	22	22
PONTEVEDRA	16	14	21	29	45	68
<b>TOTAL</b>	<b>53</b>	<b>53</b>	<b>83</b>	<b>112</b>	<b>147</b>	<b>220</b>

CADRO 1	PROFESORES QUE POR IDADE SE PUIDO XUBILAR ANTICIPADAMENTE			PROFESORES QUE SE ACOLEU Á XUBILACIÓN ANTICIPADA			PORCENTAXE DE XUBILACIÓN ANTICIPADAS 2009		
	2009	Primaria	Secundaria	Total	Primaria	Secundaria	Total	Primaria	Secundaria
<b>A Coruña</b>	358	327	685	145	71	216	43,19	21,60	33,33
<b>Lugo</b>	135	97	232	58	30	88			
<b>Ourense</b>	99	83	182	33	10	43			
<b>Pontevedra</b>	274	220	494	138	46	184			
<b>TOTAL</b>	<b>866</b>	<b>727</b>	<b>1593</b>	<b>374</b>	<b>157</b>	<b>531</b>			

## QUE É O FONDO ESPECIAL DE MUFACE E QUE PRESTACIÓN SEGUE A MANTER A MUTUALIDADE DE ENSINO PRIMARIO INTEGRADA NO MESMO?

O fondo especial de MUFACE creouse pola Lei 29/1975, de Seguridade Social de Funcionarios civís do Estado, concretándose posteriormente nas Leis de Orzamentos do Estado de 1.981 e 1.985.

Neste fondo especial podían integrarse as diferentes mutualidades dos diversos departamentos civís. En total, integráronse 29 mutualidades. A "Mutualidad Nacional de Enseñanza Primaria" integrouse neste fondo espe-cial con data de 1 de Agosto de 1.976.

Esta integración supoñía que as prestacións que tiña implantadas a Mutualidade nas contías vixentes a 31 de decembro de 1973 quedaban garantidas polo Estado. (Xubilación, orfandade, viuvez, etc.)

Coa finalidade de evitar as discriminacións que existían entre as distintas mutualidades, debido a que se foron integrando no fondo especial en diferentes datas, resolveuse unificar o seguinte criterio á hora de recoñecer as pensións de xubilación e demais prestacións:

*Recoñecemento da pensión inicial na contía vixente a 31 de decembro de 1978, que se vai reducindo nos cinco exercicios seguintes, a razón dun 20% cada ano, até acadar a contía vixente a 31 de decembro de 1973. Despois mantense inalterábel.*

Esta prestación faise efectiva cando se produce a xubilación forzosa, voluntaria ou por incapacidade e hai que solicitala nas oficinas provinciais de MUFACE.

As contías son as que figuran nas táboas que van deseguido:

Trienios*	Inicial	2º ano	3º ano	4º ano	5º ano	Final
1	88.12 €	77.84 €	67.55 €	57.27 €	46.99 €	36.70 €
2	91.49 €	80.85 €	70.21 €	59.57 €	48.93 €	38.28 €
3	94.85 €	83.86 €	72.87 €	61.87 €	50.88 €	39.88 €
4	98.22 €	86.87 €	75.52 €	64.17 €	52.82 €	42.46 €
5	101.58 €	89.88 €	78.18 €	66.47 €	54.76 €	43.06 €
6	104.95 €	92.89 €	80.84 €	68.77 €	56.71 €	44.65 €

\* Trienios cumpridos a 31 de decembro de 1978.

## PENSIÓNS 2010

Anos de servizo	% Haber regulador	Grupo A1: 38.769,75 €		Grupo A2: 30.512,77 €	
		anual	14 mensualidades	anual	14 mensualidades
15	26,92%	10.436,82 €	745,49 €	8.214,04 €	586,72 €
16	30,57%	11.851,91 €	846,57 €	9.327,75 €	666,27 €
17	34,23%	13.270,89 €	947,92 €	10.444,52 €	746,04 €
18	37,88%	14.685,98 €	1.049,00 €	11.558,24 €	825,59 €
19	41,54%	16.104,95 €	1.150,35 €	12.675,00 €	905,36 €
20	45,19%	17.520,05 €	1.251,43 €	13.788,72 €	984,91 €
21	48,84%	18.935,15 €	1.352,51 €	14.902,44 €	1.064,46 €
22	52,52%	20.361,87 €	1.454,42 €	16.025,31 €	1.144,66 €
23	56,15%	21.769,21 €	1.554,94 €	17.132,92 €	1.223,78 €
24	59,81%	23.188,19 €	1.656,30 €	18.249,69 €	1.303,55 €
25	63,46%	24.603,28 €	1.757,38 €	19.363,40 €	1.383,10 €
26	67,11%	26.018,38 €	1.858,46 €	20.477,12 €	1.462,65 €
27	70,77%	27.437,35 €	1.959,81 €	21.593,89 €	1.542,42 €
28	74,42%	28.852,45 €	2.060,89 €	22.707,60 €	1.621,97 €
29	78,08%	30.271,42 €	2.162,24 €	23.824,37 €	1.701,74 €
30	81,73%	31.686,52 €	2.263,32 €	24.938,09 €	1.781,29 €
31	85,38%	33.101,61 €	2.364,40 €	26.051,80 €	1.860,84 €
32	89,04%	34.520,59 €	2.465,76 €	27.168,57 €	1.940,61 €
33	92,69%	35.935,68 €	<b>**2.466,20 €</b>	28.282,29 €	2.020,16 €
34	96,35%	37.354,65 €	<b>**2.466,20 €</b>	29.399,05 €	2.099,93 €
35	100%	38.769,75 €	<b>**2.466,20 €</b>	30.512,77 €	2.179,48 €

**\*\*Pensión máxima: 2.466,20 €/mes ou 34.526,80 €/ano en 14 pagamentos**  
Se unha persoa percibe unha ou máis pensións públicas, a suma total non pode exceder a pensión máxima anual, pero o haber regulador que lle correspondese terase en conta para o cálculo dunha posible pensión de viuvez e/ou orfandade.

(\*) A xubilación anticipada foi prorrogada pola LOE até agosto do ano 2.011. Con 28 anos de servizo efectivo ao Estado, os/as funcionarios/as docentes teñen dereito

a percibir unha gratificación, segundo a súa idade e o corpo a que pertencen, que oscila entre un mínimo de 5.238,29 € para mestres de 64 anos e 28 de cotización, e un máximo

de 26.187,50 €, para os/as inspectores/as e catedráticos/as de Secundaria de 60 anos e 35 de cotización.

O único desconto que se aplica ás cantidades brutas e a dedución do IRPF.

Exemplo de pensión neta:

Grupo	% IRPF <sup>1</sup>	Pensión anual	IRPF anual	Pensión mensual	IRPF mensual	Neto mensual
A1	19%	34.526,80 €	6.560,09 €	2.466,20 €	468,57 €	<b>1.997,63 €</b>
A2	18%	30.512,77 €	5.492,34 €	2.179,48 €	392,31 €	<b>1.787,17 €</b>

(1) As deducións de IRPF dependen da situación persoal de cada percceptor/a:

Situación familiar 3: Solteiros/as sen fillos, casados/as con cónxuxe con rendas superiores a 1.500 € anuais

O profesorado que segue a cotizar na Mutualidade de Ensino Primario ve incrementada a súa pensión nunha contía que depende do número de trienios cumpridos no ano 1978.

De non acadar a pensión máxima e ter cotización ao réxime xeral da Seguridade Social, pódese solicitar que estas se sumen ás de clases pasivas.

**Se queres coñecer condicións, contía das indemnizacións ou calquera outro detalle relacionado co tema, podes informarte nos locais da CIG-Ensino**

Reducen o noso poder adquisitivo coa bendición de CCOO, UGT e CSIF

# Retribucións empregados e empregadas públicos/as para o ano 2010

ANO	IPC	SUBA	IPC ACUMULADO	SUBA SALARIAL ACUMULADA
90	6,5	6,2	6,5	6,2
91	5,5	5	12,36	11,51
92	5,3	5	18,31	17,09
93	4,9	1,8	24,11	19,19
94	4,3	0	29,45	19,19
95	4,3	3,5	35,01	23,36
96	3,2	3,5	39,33	27,68
97	2	0	42,12	27,68
98	1,4	2,1	44,11	30,36
99	2,9	1,8	48,29	32,71
00	4	2	54,22	35,36
01	2,7	2	58,38	38,07
02	4	2	64,72	40,83
03	2,6	2	69,00	43,65
04	3,2	2,7	74,41	47,53
05	3,8	3,1	81,04	52,10
06	2,7	2	85,93	55,14
07	4,2	2	93,73	58,25
08	1,4	2	<b>96,45</b>	<b>61,41</b>
09	0,8	2	<b>98,02</b>	<b>64,64</b>



O goberno central, máis unha vez, negocia con CCOO, UGT e CSIF, á marxe do órgano legalmente constituído, a Mesa Xeral das administracións públicas, as retribucións dos empregados/as públicos/as para os próximos anos. Este sistema de negociación perverso e fraudulento non conta coa opinión dos afectados/as e pretende silenciar a negociación colectiva na administración pública para que pase o máis desapercibido posíbel, e, por riba, nin sequera garante unha suba salarial que non supoña perda de poder adquisitivo. Con posterioridade, convócase a Mesa Xeral, cando xa todo estaba acordado e negociado, circunstancia que, desde a CIG, vimos denunciando por non estarmos dispostos a participar de componendas á marxe da Mesa de Negociación e contrarios aos intereses dos empregados e empregadas públicos/as.

A suba acordada por eses sindicatos e o goberno e que a CIG rexeitou, para o ano 2010, supón a cantidade irrisoria do 0,3% para todos os empregados/as públicos/as, moitos deles/as cuns salarios que non chegan aos 1000 euros mensuais.

Esta suba, como todos os acordos anteriores, está baseada no IPC previsto, cando é sabido que case sempre a inflación real


supera a prevista. Máis unha vez, asinan un acordo sen ter en conta a nosa perda de poder adquisitivo permanente.

Estamos perante un acordo que carece de cláusula salarial anual e que fixo que os nosos salarios se depreciarán un 12% nos últimos anos. Grave, tamén, é que o dito acordo limite a un 15% a reposición de efectivos na maioría dos sectores da administración. Esta conxelación de oferta de emprego na administración pública comportará maior privatización, incre-

mento de asistencias técnicas e a non creación de emprego. En definitiva, uns servizos públicos deficientes e insuficientes.

Estamos, pois, ante acordos e actuacións que descargan sobre os traballadores/as as consecuencias dunha crise económica, orixinada polo capitalismo, que persegue a privatización dos servizos públicos e o máximo beneficio para unha minoría a conta do resto da sociedade.

A Xunta de Galiza limitouse a trasladar o





Concentración da CIG diante do Parlamento de Galiza o pasado 16 de decembro de 2009, para rexeitar a supresión dos acordos asinados e a raquílica suba salarial

acordo de Madrid sen ningún tipo de mellora e indo moito máis alá, ao suspender os acordos retributivos sectoriais que estaban negociados e a súa aplicación comprometida para o ano 2010. Sen lugar a dúbidas, o dereito á negociación colectiva dos empregados/as públicos/as non só segue a ser unha materia pendente, senón que a Xunta do PP, mesmamente, se permite desfacer o acordado.

A CIG vai ter unha oposición frontal contra propostas de perda de poder adquisitivo e de non cumprimento de acordos acadados con anterioridade.

As propostas defendidas, entre outras pola CIG, serán a base das mobilizacións que levaremos a cabo. Estas baséanse en:

- Recuperación e mantemento do noso poder adquisitivo. Incremento salarial igual á media da suba dos convenios colectivos dos traballadores/as do ano anterior, cun plan de recuperación do poder adquisitivo nos vindeiros anos e cláusula de revisión.
- Cláusula de revisión salarial
- Ofertas de Emprego Público suficientes, que teñan en conta a necesidade de revisar os cadros de persoal dos centros para adaptalos ás necesidades actuais.

A CIG-EnsinO vén mobilizándose nos últimos anos para exixir a recuperación de perda de poder adquisitivo, a cláusula de revisión salarial e mantemento do poder adquisitivo. Así o fixemos o día 16 de decembro de 2009, diante do Parlamento, rexeitando a supresión dos acordos asinados e a raquílica subida salarial.

## RETRIBUCIÓN DO PROFESORADO

Somos conscientes de que, á hora de formular melloras retributivas, non podemos abstraernos da situación de profunda crise económica, como consecuencia das políticas neoliberais aplicadas, pero de igual maneira sabemos que a clase traballadora, en xeral, e o profesorado, en particular, non somos os/as causantes desta crise. Tendo en conta o anterior e cando xa vai máis dun ano que rematou a aplicación do acordo, asinado pola CIG-EnsinO e outras OOSS, que supuxo un incremento de 150 euros cada mes, o lóxico e razoábel é iniciar negociacións para mellorar as nosas retribucións.

## PAGAS EXTRA COMPLETAS

Grazas ao acordo asinado pola CIG e as outras OOSS con presenza na Mesa Xeral de Negociación das Comunidades Autónomas, no ano 2007, cobramos a paga extraordinaria de decembro completa (o 100% das nosas retribucións, incluídos todos os complementos). O acordo asinado na Galiza superou o acordado por CCOO, UGT e CSIF en Madrid, como podemos observar no seguinte cadro:

	2009		
	MADRID	GALIZA	DIFERENZA
0 SEXENIOS	335,99€	479,99€	144,00€
1º SEXENIO	377,37€	539,10€	161,73€
2º SEXENIO	430,56€	615,09€	184,53€
3º SEXENIO	501,50€	716,43€	214,93€
4º SEXENIO	601,99€	859,98€	257,99€
5º SEXENIO	631,54€	902,20€	270,66€



# RETRIBUCIÓN DO PROFESORADO PARA O ANO 2010

## 1. RETRIBUCIÓN BÁSICAS

Concepto	Grupo A2 (Antes B)		Grupo A1 (Antes A)	
	Mestres*	Técnico/a F.P.	P. Secundaria	Catedrático/a
	Nivel 21	Nivel 24	Nivel 24	Nivel 26
Salario	985,59 €	985,59 €	1.161,30€	1.161,30€
Complemento de destino	498,26 €	613,60 €	613,60 €	734,94 €
Complemento específico	561,76 €	561,76 €	561,76 €	613,83 €
Titoría e outras f. docent.	45,44 €	45,44 €	45,44 €	45,44 €
<b>TOTAL</b>	<b>2.091,05 €</b>	<b>2.206,39 €</b>	<b>2.382,1 €</b>	<b>2.555,51 €</b>
Trienios	35,73 €	35,73 €	44,65 €	44,65 €
IPC galego	Representa o 0,3784%, das retribucións brutas de cada perceptor/a			

\* Os mestres que imparten docencia no Primeiro Ciclo da ESO deberán ter uns ingresos a maiores de 115,33 € mensuais.

Centros de Educación Infantil e Primaria				
Cargo	Tipo A	Tipo B	Tipo C	Tipo D
Dirección	542,00 €	490,63 €	355,07 €	262,53 €
Xefatura de estudos	188,59 €	177,21 €	171,53 €	126,03 €
Secretaría	188,59 €	177,21 €	171,53 €	126,03 €
Centros de Educación Secundaria				
Dirección	661,35 €	569,65 €	515,67 €	466,82 €
Vicedirección	290,94 €	285,29 €	205,66 €	177,21 €
Xefatura de estudos	290,94 €	285,29 €	205,66 €	177,21 €
Secretaría	290,05 €	285,29 €	205,66 €	177,21 €
Xefatura de seminario e departamento:	69,14 €			
Coordinación de formación en centros de traballo	69,14 €			
Coodinación ENL	69,14 €			
Responsable centro menos de 3 unidades EI e EP	69,14 €			
Xefatura departamento de Orientación	69,14 €			
Profesor EPA	69,14 €			

## 2. SEXENIOS

1º sexenio	2º sexenio	3º sexenio	4º sexenio	5º sexenio
61,68 €	79,30 €	105,76 €	149,80 €	44,05 €

## 3. PAGAS EXTRAORDINARIAS

Cada unha delas equivale á suma dunha mensualidade ordinaria completa

## 4. DESCONTOS

Concepto	Grupo A1	Grupo A2	
Pasivos*	106,89 €	84,13 €	Funcionariado de carreira
MUFACE*	46,80 €	36,83 €	Funcionariado de carreira
Cota obreira	Segundo base de cotización		Profesorado interino e substituto
Retencións de IRPF	Segundo retribucións anuais e situación persoal		

\* Nas nóminas de xuño e decembro a cota é dupla.